

EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA E DOSSIER DIXITAL

DOAZÓN DA BIBLIOTECA DE FRANCISCO MANTECÓN

Selección das publicacións máis destacadas

O noso sincero agradecemento a Pilar Mosquera, viuda de F. Mantecón, pola doazón das publicacións, de preciado valor para a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO.

Biografía

Francisco Mantecón Rodríguez naceu en Vigo e alí faleceu en 2001, en pleno exercicio da súa madurez artística e intelectual, e dono dun recoñecido prestixio no eido das artes plásticas de Galicia.



Francisco Mantecón

Pintor de vocación moi temperá –da que restan pegadas e anécdotas memorables, pois sorprende contemplar os riscos xa tan firmes nos seus debuxos infantís, que se dirían hiperrealistas, e cóntase como era quen de “colgar clase”, xustificando sinxelamente este feito, por ter quedado pampo na contemplación das relucenzas do sol nas follas duna árbore, o xogo das súas sombras no chan, o esplendor dos espellos ou ben un espazo limpo, motivos que moitos anos máis tarde acoutaría nos seus cadros-, creceu nunca familia culta e amante dos libros e da arte –nomeadamente a música, xa que o seu pai, dunha estirpe de melómanos, era crítico musical.

Esta atmósfera proporcionoulle unha sólida formación e un carácter de esteta; sen embargo ao rematar o Bacharelato, foi orientado cara uns estudos superiores de enxeñería, fronte aos que había de se arrepoñer marchando para Europa –Bélxica concretamente, durante unha etapa contestataria na que viviu pola súa conta aquela vocación.

De retorno provisional a Vigo, participou en todas as edicións das Exposicións de Pintura ao Aire Libre da Praza da Princesa, que, celebradas dende 1968 até 1975 e organizadas polos propios artistas, supuxeron o caldo de cultivo da vangarda da arte galega, na que o pintor Mantecón ocuparía un lugar recoñecido dende entón (na cita da Praza da Princesa de 1971, conseguiu unha bolsa de estudos, por exemplo) e á que sempre habería de estar ligado.

Por esa altura, comezaron as súas exposicións individuais, ademais de participar noutras significativas mostras colectivas: en 1970 expón individualmente na Caixa de Aforros de Vigo onde volve mostrar a súa obra en 1972, así como na sala Jofer de Pontevedra; e participa na exposición do instituto pro-Beiras de 1970, na Bienal de Arte de Pontevedra de 1971 e no I Salón Independente de Arte de Galicia de 1973, en Vigo, cunhas obras que naquel momento se definirían dentro dunha figuración sobria e persoal.

Entre 1972 e 1976 estudia Belas Artes na Escola S. Jordi de Barcelona, pensionado pola Deputación de Pontevedra. Alí entra en contacto con outros movementos da arte de vangarda doutras latitudes e evoluciona cara unha abstracción expresionista que, a finais desta década, transforma en abstracción xeométrica de formas esquemáticas e monocromáticas, á que se manterá fiel durante toda a súa vida.

Dende mediados dos anos setenta comeza a practicar o deseño gráfico que acentúa as estruturas analíticas, planas, con modulacións de luces sutís, fondos negros e liñas paralelas, sinais de identidade da súa pintura cuxa preeminencia na plástica que practica dun xeito global (o gravado, a fotografía, etc.) non abandonará nunca.

As exposicións sucédense dende entón: a súa obra soa en galerías como a coruñesa Ceibe, en 1973 e 1976, a Atalaya de Xixón, e 1976 e 1977, e a Tótem Grup d'Art de Barcelona en 1977, e en diversas mostras colectivas en Barcelona, Madrid, Oviedo ou Santiago.



Vigo Porto Atlantic

En 1977 retorna de modo definitivo a Vigo, para exercer como mestre de debuxo nun instituto da cidade. Son os tempos en que bota a andar en Baiona o grupo Atlántica, do que foi un dos fundadores, a pesares de que o seu estilo estaba en contraposición co expresionismo do resto dos integrantes. Expuso en todas as mostras do grupo deica "Atlántica 83", ademais de ser seleccionado tamén para outras exposicións de arte galega como "Imaxes dos 80 dende Galicia" (1984), "Tempos de Pintura" (1985), a mostra de artistas galegos da Consellería de Cultura en ARCO 83 e 84, ou a Mostra Unión FENOSA de 1989. Ao mesmo tempo, case anualmente, segue a expoñer en solitario en galerías como Lepina ou Novecento, en Vigo, Joaquín Mir de Palma de Mallorca, Trinta de Santiago, etc.

Mantecón gustou sempre do papel como soporte preferente, pero, sen abandonalo, ao longo dos anos oitenta emprega o gran formato, sempre fiel –xa queda dito- á súa pintura conceptual e ao constructivismo monocromo de formas xeométricas que, nos anos noventa, dentro da súa opción analítica, engade unha maior presenza dos valores plásticos.

No tocante ao deseño gráfico, traballa en diferentes eidos políticos, sindicais, culturais, editoriais, empresariais. A saber:

Artista comprometido coa esquerda, fixo cartéis para organizacións políticas e sindicais, como o Movemento Comunista de Galicia, Esquerda Galega, a CXTG ou o Sindicato Galego de Traballadores do Ensino. É obra súa, asimesmo, a imaxe gráfica de entidades culturais como Nova Escola Galega, Galix, Clube Cultural Adiante ou “Juventudes Musicais” e a Filarmónica de Vigo.

No mundo editorial, traballou para Galaxia, deseñando coleccións como “Dombate”, “Obras completas” ou “Diccionarios” e múltiples capas noutras coleccións; “Cómplice”, “Gaivota” e “Narrativa” de Edicións do Cumio; os “Clásicos Galegos” da Ed. Sotelo Blanco; “A Fraga” de Ir Indo Editorial, ou a colección “Ferros” de Ed. Xerais. E deseñou tamén revistas “de culto” como *A Trabe de Ouro* ou o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*.



Cartel para Terras Gauda

No eido empresarial destacan traballos coma o deseño de etiquetas de viños coma Fillaboa e Terras Gauda (e toda a imaxe corporativa desta última) ou a renovación gráfica da firma “Miau” de Conservas Alfageme.

Na década dos noventa, en fin, o deseño gráfico enche o seu tempo de tal modo que abandona a docencia. Un bo testemuño de tal adicación, dan as adegas Terras Gauda, que hoxe en día convocan un concurso de Cartelismo publicitario co seu nome (Concurso de Carteis Francisco Mantecón, de deseño gráfico industrial), ao

que acuden artistas de todo o mundo.

E sobre todo, non cesou a obra do pintor no seu estudio, solitaria, que mantivo ata o último momento unha arte pictórica rigurosamente meditada, da que puideron saír as outras manifestacións. O pintor Francisco Mantecón acadara unha linguaxe propia que, paradoxalmente pola súa singularidade sintetizadora, eleva ao artista da historia da Arte contemporánea e Galicia á súa consideración universal.

[Texto extraído da web www.franciscomantecon.eu]

CURRÍCULUM VITAE

Exposicións Individuais

1.970

Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

1.972

Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

Galería Jofer. Pontevedra.

Galería Jacobo.Valladolid.

1.973

Museo Arqueolóxico de Ourense.

Galería Ceibe. A Coruña.

1.976

Galería Ceibe. A Coruña

Galería Atalaya. Gijón

1.977

Galería Atalaya. Gijón

Galería Totem. Grup D´Art.Barcelona

Galería Adro. A Coruña.

1.978

Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

1.981

Galería Novecento. Vigo

1.982

Galería Sargadelos. Santiago.

1.984

Galería Novecento. Vigo

1.985

Galería Novecento. Vigo

1.986

Galería Joaquín Mir. Palma de Mallorca

1.987

Galería Abel Lepina. Vigo

Galería Grupo Orzán. A Coruña

1.988

Galería Trinta. Santiago

1.990

Galería Abel Lepina. Vigo

1.993

Galería Obelisco. A Coruña

1.994

Galería Abel Lepina. Vigo

1.999

Galería Abel Lepina. Vigo

2.000

Galería VGO. Vigo

Exposicións Colectivas

1.968

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo.

1.969

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo.

1.970

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo.

Exposición pro Instituto Beiras (Círculo Mercantil) Vigo.

1.971

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo.

1ª Bienal de Arte (Diputación de Pontevedra).

1.972

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo.

1.973

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo
1ª Salón Independiente de Arte de Galicia. Vigo.
Muestra de Arte Gallego (Ciudad Universitaria) Madrid.

1.974

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo
Exposición Homenaxe a Castelao (Museo Arqueolóxico). Ourense

1.975

Exposición de Arte Al Aire Libre (Plaza de la Princesa) Vigo
1º Congreso Nacional de Pedagogía do Debuxo. Barcelona.
Plástica Gallega (Claustro da Universidade de Oviedo).
Mostra Plástica. Cambados.- Pontevedra.

1976

Galería Matisse. Santiago.
20 Pintores Galegos. Vilagarcía de Arousa. Círculo Cultural de Cambados.

1977

Museo da Resistencia de Salvador Allend (Itinerante). Galería Juana Mordó-Madrid
e Mercado Central-Zaragoza.
Homenaxe a Leopoldo Nóvoa. Galería Kandinski. Madrid.

1978

Artistas de Galicia Sur. Real Clube Náutico de Vigo.

1979

Exposición Inaugural da Sala de Arte do Ministerio de Cultura. Pontevedra.

1980

ATLÁNTICA80. (Casa da Cultura).Baiona.

1981

Plástica Galega 9º Ciclo. Caixa de Aforros Municipal de Vigo.
Colectiva de Pintores Galegos. Lorient-Francia.
ATLÁNTICA. "O Feito Plástico". Concello de Vigo.
ATLÁNTICA. Centro Cultural de la Villa de Madrid
Presentación do libro Pintores Galegos. Vol I. Galería Novecento. Vigo.
Dibujos Eróticos. Galería Novecento. Vigo.
Exposición Homenaxe ao Salvador. Concello de Vigo.

1982

12 Pintores de ATLÁNTICA no Castelo de Salvaterra.
"A Pintura Galega Hoxe". Concello da Coruña.

5ª Bienal Internacional de Arte. Deputación de Pontevedra.

1983

ATLÁNTICA. Pazo de Xelmirez. Santiago.

ARCO 83. Estand Galería Novecento. Madrid.

"Terres de Nantes et de Galice". Espace Graslin, Nantes-Bretagne. France.

"Imaxes dos 80 dende Galicia". Museo do pobo galego, Xunta de Galicia. Santiago.

"Vexo Vigo". Casa da Cultura. Concello de Vigo.

1985

"Tierras de Galicia y Nantes". Kiosco Alfonso. A Coruña.

" Tempos de Pintura". (Arte Galega Contemporánea). Itinerante. Xunta de Galicia.

1986

ARCO 86. Estand Galería Trinta. Madrid.

1987

Colectiva Sobre Papel. Galería Abel Lepina. Vigo.

1988

"Terso y Arrugado". Galería Trinta. Madrid.

ARCO 88. Estand Galería Trinta. Madrid.

1989

1ª Mostra Unión-Fenosa (Adquisición de obra). Estación Marítima. A Coruña.

1990

ARCO 90. Estand Galería Trinta. Madrid

1991

"O Rosto no tempo". Casa das Artes e da Historia. Vigo.

1992

"Arte Galego". Colección Caixavigo. Auditorio de Galicia. Santiago.

1993

"Un sentir, unha memoria, un futuro..." Mostra colectiva. Asociación de Amigos da República.

Casa das Artes e da Historia. Vigo.

1994

"O proceso abstracto en Galicia: 30 anos.1950-1980". Auditorio de Galicia. Santiago.

1995

Colección Unión- Fenosa. Museo Arqueolóxico. Ourense.

"31 Artistas x Rwanda". Médicos sin Fronteras) Casa das Artes e da Historia. Vigo.

Obra en Museos e Institucións

Colección do Concello de Vigo.

Colección do Concello de Santiago.

Colección do Concello de A Coruña.

Colección da Xunta de Galicia.

Colección CAIXANOVA.

Colección – Museo Unión FENOSA.

Colección Permanente do CGAC.

Museo de Castrelos –Vigo.

Colección CAIXAGALICIA.

LISTADO COAS PUBLICACIONES DA BIBLIOTECA DE F. MANTECÓN

CATÁLOGOS SELECCIONADOS PARA A EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA

AICHER, O.: *Sistemas de signos en la comunicación visual*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 155 p.: il. br. e n. (DS/227)

ARNHEIM, R.: *Arte y percepción visual: Psicología del arte creador*. Madrid: Alianza, 1979. 553 p.: il. br. e n. (AR/476)

ARTE abstracto, Arte concreto: Paris. Cercle et Carré 1930. Valencia: IVAM, 1990. 439 p.: il. cor e n. (CAT.C/1126)

CAZA, M.: *La serigrafía*. Barcelona: Ediciones R.Torres, 1975. 123 p.: fot. cor e n. (AR/477)

CENNINI, C.: *Tratado de la pintura: (el libro del arte)*. Barcelona: Sucesor de E.Meseguer, 1956. 149 p.: il. br. e n. (AR/486)

CHAVES, N.: *La imagen corporativa : teoría y metodología de la identificación institucional*. Barcelona: Gustavo Gili, 2003. 186 p.: il. cor e br. e n. (DS/65)

CONTRASTES de forma: abstracción geométrica, 1910-1980: de las Colecciones del Solomon R. Guggenheim Museum y The Museum of Modern Art, New York. Madrid: Ministerio de Cultura, 1986. 302 p.: il. cor e n. (CAT.C/1127)

COSTA, J.: *Imagen didáctica*. Barcelona: CEAC, 1991. 272 p.: il. cor e n. (DS/235)

COSTA, J.: *Imagen global: evolución del diseño de identidad*. Barcelona: CEAC, 1989. 262 p.: il. cor e n.. (DS/230)

COSTA, J.: *Señalética: de la señalización al diseño de programas*. Barcelona: CEAC, 1989. 256 p.: il. cor e n (DS/234)

DOERNER, M.: *Los materiales de pintura y su empleo en el arte*. [Barcelona]: Reverté, 1977. 476 p. (AR/505)

FONTCUBERTA, J.: *Foto-Diseño: fotografismo y visualización programada*. Barcelona: CEAC, 1988. 260 p.: il. cor e n.. (DS/231)

GERSTNER, K.: *Diseñar programas*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 118 p.: il. cor e n. (DS/222)

KAHLER, E.: *La desintegración de la forma en las artes*. México: Siglo XXI Editores, 1969. 139 p.: il. br. e n. (AR/475)

KÜPPERS, H.: *Fundamentos de la teoría de los colores*. 4ª ed.. México: Gustavo Gili, 1992. 204 p.: il. br. e n. (AR/289)

LANCHARD, G.: *La letra*. Barcelona: CEAC, 1990. 295 p.: il. br. e n.. (DS/232)

LLOVET, J.: *Ideología y metodología del diseño*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 161 p.: il. br. e n. (DS/221)

- MARIN, L.: *Estudios semiológicos: (La lectura de la imagen)*. Madrid: Comunicación, 1978.-- 471 p. (AR/482)
- MENNA, F.: *La opción analítica en el arte moderno: figuras e iconos*. Barcelona: Gustavo Gili, 1977. 163 p.: il. br. e n. (AR/488)
- MICHELI, M. de: *Las vanguardias artísticas del siglo XX*. Madrid: Alianza, 1979. 447 p. (AR.CO/217)
- MOLES, A.: *Grafismo funcional*. Barcelona: CEAC, 1992. 284 p.: il. cor e n. (DS/233)
- MUKAROVSKY, J.: *Escritos de estética y semiótica del arte*. Barcelona: Gustavo Gili, 1975. 345 p. (AR/496)
- MÜLLER-BROCKMANN, J.: *Sistemas de retículas: un manual para diseñadores gráficos = Sistemas de grelhas: un manual para desenhistas gráficos*. Barcelona: Gustavo Gili, 1982. 179 p.: il. cor e n. (DS/224)
- PARRAMÓN, J.M.: *Cómo dibujar la figura humana*. Barcelona: Instituto Parramón, 1964. 74 p.: il. br. e n. (AR/510)
- PEDOE, D.: *La geometría en el arte*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 289 p.: il. br. e n. (AR/474)
- PÉREZ-DOLZ, F.: *Teoría de los colores*. Barcelona: Sucesor de E.Meseguer, 1954. 143 p.: il. cor e n. (AR/485)
- POWELL, D.: *Técnicas de presentación: guía de dibujo y presentación de proyectos y diseños*. Madrid: Hermann Blume, 1986. 157 p.: fot. cor (DS/225)
- QUARANTE, D.: *Diseño Industrial I: elementos introductorios*. Barcelona: CEAC, 1992. 280 p.: il. cor e n.. (DS/236)
- QUARANTE, D.: *Diseño Industrial II: elementos teóricos*. Barcelona: CEAC, 1992. 228 p.: il. cor e n.. (DS/237)
- RODRÍGUEZ DIÉGUEZ, J.L.: *Las funciones de la imagen en la enseñanza*. Barcelona: Gustavo Gili, 1977. 196 p.: il. br. e n. (MUS/98)
- WESCHER, H.: *La historia del collage: del cubismo a la actualidad*. Barcelona: Gustavo Gili, 1977. 276 p.: il. cor e n. (AR.CO/218)
- WONG, W.: *Principios del diseño en color*. Barcelona: Gustavo Gili, 1992. 100 p.: fot. cor e n. (DS/223)

OUTROS CATÁLOGOS NA BIBLIOTECA-CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

- ALBERS, J.: *La interacción del color*. Madrid: Alianza, 1979. 115 p.: il. cor e n. (AR/292)
- Del ARTE povera a 1985*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1985. 218 p.: fot. cor e n. (CAT.C/1088)
- ARTISTAS Latinoamericanos del siglo XX = Latin American Artists of the Twentieth Century*. Sevilla; Nueva York; Madrid: Comisaría de la Ciudad de Sevilla para 1992; MOMA; Tabapress, 1992. 457 p.: fot. cor (CAT.C/1125)

- BASALLO, I.: *Ignacio Basallo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 1996. 101 p.: fot. cor (CAT.G/BAS.I/3)
- Bienal de Arte 1983*. Pontevedra: Deputación Provincial, Servicio de Publicaciones, 1983. 112 p.: il. br. e n. (CAT.F/PON/2)
- IV BIENAL de Arte Alecrín*. [Vigo]: [Concello de Vigo, Concellería da Cultura, Educación e Muller], 1997. 67 p.: il. cor (CAT.F/ALE/1)
- III BIENAL de Artistas Galegas*. [Vigo]: Alecrín, 1994. 83 p.: il. cor (CAT.F/ARTI/1)
- III BIENAL Internacional de Arte Vila Nova de Cerveira*. Vila Nova de Cerveira: Câmara Municipal de Vila Nova da Cerveira, 1982. 1 v.: fot. br. e n. (CAT.F/VIL/2)
- La BIENNALE di Venezia: Settore Arti Visive: catalogo generale 1980*. Venezia: Biennale di Venezia, 1980. 259 p.: principalmente il. cor (CAT.F/VEN/1)
- BONSIEPE, G.: *Teoría y práctica del diseño industrial: elementos para una manualística crítica*. Barcelona: Gustavo Gili, 1978. 254 p.: il. br. e n. (DS/238)
- CHAVES, X.: *Xaquín Chaves: pinturas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Cultura, 1992. 1 v.: il. cor (CAT.G/CHA/7)
- CIRIA, J.M.: *José Manuel Ciria*. Vigo: Galería Ad Hoc, 1992. 61 p.: il. cor (CAT.E/CIR/7)
- CORREA CORREDOIRA, X.: *Os días gravados*. A Coruña: Fundación Luis Seoane, 1999. 65 p.: il. cor e n. (CAT.G/CORR/1)
- COUSAS: na busca da intimidade dos obxectos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura, 1996. 143 p.: il. cor (CAT.C/1087)
- 10 CRÍTICOS: as imaxes e as palabras*. [Vigo]: [Universidade de Vigo], 1993. 85 p.: il. cor e n. (CAT.C/1132)
- CUATRO artistas de Galicia*. Bilbao: Fundación Bilbao Bizkaia Kutxa, 1997. 83 p.: il. cor (CAT.C/1006)
- DAMISCH, H.: *El origen de la perspectiva*. Madrid: Alianza, 1987. 377 p.: fot. br. e n. (AR/495)
- DE Stijl: 1917-1931: visiones de utopía*. Madrid: Alianza, [1982]. 254 p.: il. cor (CAT.C/1086)
- Documenta 7*. Kassel: D+V Paul Dierichs GmbH, [1982]. 2 vol.: il. cor e n. (CAT.F/DOC/5)
- DORFLES, G.: *Símbolo, comunicación y consumo*. Barcelona: Lumen, 1972. 260 p. (AR/492)
- DRAWINGS: the pluralist decade*. Pennsylvania: Institute of Contemporary Art. University of Pennsylvania, 1980. 111 p.: il. cor e n. (CAT.C/1084)
- DREW EGBERT, D.: *El arte y la izquierda en Europa: de la Revolución Francesa a Mayo de 1968*. Barcelona: Gustavo Gili, 1981. 807 p.: fot. br. e n. (AR.CO/219)

- DUBUFFET, J.: *Escritos sobre arte*. Barcelona: Barral, 1975. 368 p. (AR/500)
- DUCHAMP, M.: *Escritos*. Duchamp du Signe. Barcelona: Gustavo Gili, 1978. 254 p. (AR/472)
- ENCONTROS no espacio*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Cultura, 1984. 89 p.: il. br. e n. (CAT.C/1089)
- ESPAÑA. Vanguardia artística y realidad social: 1936-1976*. Barcelona: Gustavo Gili, 1976. 216 p. : fot. br. e n. (AR/487)
- EXPRESIONISTAS alemanes: Colección Buchheim*. [s.l]: Obra Social de la Caja de Pensiones, 1981. 464 p.: il. cor (CAT.C/1128)
- FERRER, Y.: *Yolanda Ferrer: "las moradas" de Santa Teresa de Jesús*. [A Coruña]: Atlántica, Centro de arte, 2003. 1 v.: principalmente fot. cor (CAT.G/FER/1)
- FISCHER, E.: *La necesidad del arte*. Barcelona: Ediciones 62, 1967. 273 p. (AR/490)
- FREIXANES, J.: *Freixanes*. Pontevedra: Deputación Provincial, Servicio de Publicaciones, 1992. 1 v.: principalmente il. cor e n. (CAT.G/FRE/1)
- GIACOMANTONIO, M.: *La enseñanza audiovisual: metodología didáctica*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 213 p.: il. br. e n. (CN/119)
- GORDILLO, L.: *Luis Gordillo: pinturas 1982-84*. [s.l]: Fernando Vijande Editor, 1985. 149 p.: fot. cor (CAT.E/GOR/11)
- GUERRERO, J.: *José Guerrero: Diciembre 1980-Enero 1981*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, [1981]. 151 p.: il. cor e n. (CAT.E/GUE/5)
- GRIS, J.: *Juan Gris: [1887-1927]*. Madrid: Ministerio de Cultura; Banco de Bilbao, 1985. 471 p.: il. cor e n. (CAT.E/GRI.J/1)
- HADJINICOLAOU, N.: *Historia del arte y lucha de clases*. Madrid: Siglo XXI de España, 1975. 231 p.: fot. br. e n. (AR/481)
- HINZ, B.: *Arte e ideología del nazismo*. Valencia: Fernando Torres, 1978. 377 p.: fot. cor e n. (AR.CO/220)
- JOHNS, J.: *Jasper Johns: obra gráfica 1960-1985*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1987. 139 p.: il. cor e n. (CAT.I/JOH/2)
- KANDINSKY, V.: *De lo espiritual en el arte*. Barcelona: Barral, 1973. 122 p.: il. br. e n. (AR/498)
- KANDINSKY, V.: *Vasili Kandinsky: punto y línea sobre el plano: contribución al análisis de los elementos pictóricos*. Barcelona: Paidós Ibérica, 1996. 159 p.: il. br e n. (CAT.I/KAN/2)
- LABRA, J.M.: *José María de Labra*. [s.l]: Fundación Caixa Galicia, 1997. 64 p.: il. cor (CAT.G/LAB/2)

- LÉGER, F.: *Funciones de la pintura*. Madrid: Cuadernos para el diálogo, 1969. 210 p.: il. br. e n. (AR/501)
- LEIRO, F.: *Francisco Leiro*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicaciones, 1991. 115 p.: fot. cor e n. (CAT.G/LEI/9)
- LLORENS, F.: *Dibujos*. [A Coruña]: Fundación Caixa Galicia, 1996. 134 p.: il. cor e n. (CAT.G/LLO/1)
- LLOVET, J.: *Ideología y metodología del diseño*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 161 p.: il. br. e n. (DS/221)
- MALEVICH, K.: *Malevich: Colección del Museo Estatal Ruso. San Petersburgo*. Madrid: Fundación Juan March, 1993. 108 p.: il. cor e n. (CAT.I/MAL/1)
- MALLO, M.: *Maruja Mallo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Cultura, 1993. 400 p.: il. cor e n. (CAT.G/MAL.M/3)
- MASIDE, C.: *Carlos Maside*. Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 1992. 290 p.: il. cor e n. (CAT.G/MAS/1)
- MAYER, R.: *Materiales y técnicas del arte*. Madrid: Tursem; Hermann Blume, 1993. 752 p. (AR/288)
- MIRÓ, J.: *Miró ceramista*. [s.l]: Electa, 1993. 123 p.: fot. cor (CAT.E/MIR/11)
- MIRÓ, J.: *Joan Miró: años 20: mutación de la realidad: 90º aniversario de Joan Miró*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1983. 138 p.: il. cor e n. (CAT.E/MIR/12)
- MONDRIAN, P.: *Piet Mondrian: óleos, acuarelas y dibujos*. Madrid: Fundación Juan March, 1981. 1 v.: il. cor e n. (CAT.I/MON.PI/1)
- MONTÚ, A.: *El pentágono: más de 400 ejemplos sobre la forma de la estructura pentagonal*. México: Gustavo Gili, 1999. 96 p.: principalmente il. br. e n. (DS/59)
- MOORE, H.: *Henry Moore: exposición retrospectiva: esculturas, dibujos y grabados 1921-1981*. Barcelona: Polígrafa, 1981. 315 p.: fot. cor e n. (CAT.I/MOO.H/1)
- MUNARI, B.: *Diseño y comunicación visual: contribución a una metodología didáctica*. 14ª ed. Barcelona: Gustavo Gili, 2002. 365 p.: principalmente il. br. e n. (DS/12)
- MUNARI, B.: *El cuadrado: más de 300 ejemplos ilustrados sobre la forma cuadrada*. México: Gustavo Gili, 1999. 154 p.: principalmente il. br. e n. (DS/61)
- The NORDIC Countries The Venice Biennale 1980 = I paesi nordici La Biennale di Venezia 1980*. [s.l]: [s.n], 1980. 120 p.: il. br. e n. (CAT.F/VEN/2)
- NOVAS adquisiciones 96-98: *Colección de Arte Caixa Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1998. 163 p.: fot. cor (CAT.C/809)
- PICASSO, P.R.: *Picasso en Madrid: Colección Jacqueline Picasso*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1986. 203 p.: il. cor (CAT.E/PIC/8)
- PICASSO, P.R.: *Picasso 1881-1973: exposición antológica*. [Madrid]: Ministerio de Cultura, 1981. 443 p.: il. cor (CAT.E/PIC/9)

- PICASSO, P.R.: *Picasso y Barcelona: 1881 – 1981*. Barcelona: Ajuntament de Barcelona, 1981. 1 v.: il. cor e n. (CAT.E/PIC/10)
- POPOVA, L.: *Liubov Popova: 1889/1924*. Madrid: MNCARS, 1991. 179 p.: il. cor e n. (CAT.I/POP/1)
- PREMIO Nacional de Artes Plásticas 1980: *M.Boix, Caneja, Cumella, M. Chirino, Ràfols-Casamada, Carola Torres*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, 1981. 6 vol.: il. cor e n. (CAT.F/NAC/1)
- PUIG, A.: *Sociología de las formas*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 251p.: il. br. e n. (AR/502)
- RAUSCHENBERG, R.: *Rauschenberg*. Madrid: Fundación Juan March, 1985. 1 v.: fot. cor e n. (CAT.I/RAU/3)
- READ, H.: *Arte y sociedad*. Barcelona: Ediciones 62, 1973. 215 p. (AR/491)
- RICHARD, L.: *Del expresionismo al nazismo: arte y cultura desde Guillermo II hasta la República de Weimar*. Barcelona: Gustavo Gili, 1979. 279 p. (AR/483)
- RIVERA, D.: *Diego Rivera: retrospectiva*. [Madrid]: Ministerio de Cultura, 1987. 385 p.: il. cor e n. (CAT.I/RIV.D/2)
- El SIGLO de Picasso*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1988. 297 p.: il. cor e n. (CAT.C/1082)
- SILVA, U.: *Arte e ideología del fascismo*. Valencia: Fernando Torres, 1975. 326 p.: fot. cor e n. (AR/473)
- VALVERDE, J.: *J. Valverde*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicaciones, 1991. 75 p.: il. cor (CAT.G/VAL.J/1)
- Vanguardia italiana de entreguerras: futurismo y racionalismo*. Valencia: IVAM, 1990. 394 p.: fot. cor e n. (CAT.C/1097)
- Vanguardia y racionalidad: artículos, ensayos y otros escritos: 1946-1974*. Barcelona: Gustavo Gili, 1977. 271 p.: fot. br. e n. (AR/497)
- VILCHES, L.: *La lectura de la imagen: prensa, cine, televisión*. Barcelona: Paidós Ibérica, 1992. 246 p.: il. br. e n. (AR/489)
- VILLALBA, D.: *Darío Villalba: obra reciente 1980-1983*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1983. 95 p.: il. cor (CAT.E/VIL/11)

DOSSIER DIXITAL FRANCISCO MANTECÓN

<http://franciscomantecon.eu/castellano/biografia/biografia.php>

BIBLIOGRAFÍA DIXITAL

Premio de Cartelismo Francisco Mantecón

<http://franciscomantecon.com/2013/index.php>

Francisco Mantecón na Colección AFundación

<http://coleccion.afundacion.org/index.php?idautor=62>

Francisco Mantecón en ArtFatcs

<http://www.artfacts.net/es/artista/francisco-mantecon-23727/perfil.html>

Francisco Mantecón en 20 minutos

<http://www.20minutos.es/noticia/128259/0/expresionista/Baiona/Xelmirez/>

CATÁLOGOS COLECTIVOS NA BIBLIOTECA-CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Atlántica: Vigo, 1980 – 1986. Vigo: MARCO, 2002. 642 p.: il. cor e n. (CAT.M/1)

Castrelos inédito: obras na reserva do museo municipal de Vigo "Quiñones de León": parte I: 1950 – 2000. Vigo: Concello de Vigo, Concellería da Cultura, 2004. 47 p.: principalmente il. cor (RF/20)

Catálogo da colección da Arte Galega do Museo "Quiñones de León". Vigo: Concello de Vigo, Concellería da Cultura, Educación e Muller, 1995. 330 p.: il. cor (RF/85)

Colección Caixanova: unha visión da arte contemporánea galega. [Vigo]: Fundación Caixanova, 2002. 109 p.: principalmente il. cor (RF/31)

Distancia crítica. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2008. 185 p.: fot. cor e n. (CAT.C/859)

Portas de luz: unha achega ás artes e á cultura na Galicia dos setenta. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2009. 263 p.: il. cor (CAT.C/928)

O proceso abstracto: artistas galegos 1950–1979. Santiago de Compostela: Auditorio de Galicia, 2003. 294 p.: il. cor e n. (CAT.C/150)

Outra xeografía: Arte desde Galicia. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2009. 62 p.: fot. Cor (CAT.C/930)